

MACEDA (/OURENSE/MACEDA)

«Manuel Vidal é un adiantado ao seu tempo, un personaxe a recuperar»

O investigador Santiago Prol repasa nun libro a vida do cura rexionalista vinculado con Maceda



XOÁN A. SOLER

TAMARA MONTERO (/FIRMAS/TAMARA-MONTERO)

SANTIAGO 02/01/2018 05:00 H

Aínda que pasou varios veráns nas Torres de Meirás con dona Emilia Pardo Bazán, foi profesor de Isaac Díaz Pardo e Domingo García Sabell, fundou xunto a Basilio Álvarez a revista *Galicia* e estivo na mesa presidencial da fundación das Irmandades da Fala en Santiago, a figura do presbítero de Maceda Manuel Vidal (1871-1941) quedou esquecida. Dese esquecemento vén de rescatala o historiador Santiago Prol (Maceda, 1960), no libro *Manuel Vidal, un presbítero ilustrado de Maceda*.

-Non é a primeira vez que recupera a figura de persoeiros esquecidos: João da Nova, Benigno Álvarez...

-Manuel Vidal é unha materia que eu tiña pendente dende había moito tempo. Empecei facendo un pequeno traballo de investigación sobre el no 2001, que despois se converteu nunha entrada na Wikipedia e na Xacopedia. Pero quedou moi no aire, digamos que despois me dediquei a facer traballos de investigación sobre outra xente. Foi a partir do 2011 que me metín a fondo nel e descubrín que é un galego moi interesante cun montón de produción.

-Escribiu sobre Santiago e o mito xacobeo.

-El ten unha triloxía, que se chama a Triloxía Xacobeá, na que hai unha obra de teatro sobre a Raíña Lupa que é moi interesante e que preside nin máis nin menos o arcebispo que estaba naquel momento, que era Lago González. Fai un libro sobre o Pórtico da Gloria que se debería reeditar, que é boísimo. A min agasalláronme con ese libro, que é de 1926, no ano 1979, daquela era un rapaz de 18 anos. Mireino e pareceume moi interesante, pero a verdade é que quedou metido nun andel e recupereino en 1999. Ese foi o meu punto de arranque. En Maceda reeditouse *Deixe que xa*, que é un libro do ano 1931 e *Don Porrazo o mi cubierto de plata* e eu aí fixen unha descuberta: a Maceda de finais do século XIX estaba toda plasmada no libro de Vidal. Houbo unha revolución, a revolución de outubro de 1870 que el describe tal e como foi a realidade. É un personaxe a recuperar e merecería que se pense como un dos candidatos ás Letras Galegas.

-En 1914 chega a Santiago.

-Vense como catedrático de Literatura ao instituto. É un home para aquel momento vangardista. En 1915 fixo unha viaxe ao Pico Sacro e incluso vai ata Fisterra, porque dicía que o Camiño tiña que rematar alí. Para min é un adiantado, unha persoa que se adianta ao que veu despois. Nos anos 20 publica un ensaio sobre todo o que é o mito do Xacobeo. Esa visión de hoxe dos peregrinos por tantos camiños de Santiago, xa a tiña el nos anos 20. Lois Tobío foi alumno del, como García Sabell e Isaac Díaz Pardo. Todos fan referencias a el. García Sabell fala de que Vidal lle regala un libro e que lle sorprende que a un catedrático de literatura a un rapaz de 12 anos lle regale un libro, algo que lle quedou marcado para sempre. Lois Tobío fala de que compón poemas grazas ao catedrático de Retórica, que era Vidal.

-Estivo en relación con xente que hoxe é moi coñecida: Emilia Pardo Bazán, Basilio Álvarez...

-Con Basilio Álvarez funda en Madrid a revista *Galicia*. En Madrid había un lobby galego de curas, que estaba fundamentalmente montado por Vales Faílde, Basilio Álvarez e Manuel Vidal. Cando despois vén para aquí, de 1914 a 1918 pasa os veráns en Meirás, e no ano 1939 publica un libro no que fai unha recreación de como se vivía alí e conta a venta -el di que é doazón- do pazo.

-¿Por que a súa figura quedou esquecida?

-A miña teoría é que porque era un home de dereitas. Pero para a súa época era un home moi avanzado. El era un home do rexionalismo, tiña un sentimento de Galicia moi potente, pero por riba estaba España.

O autor. Santiago Prol é investigador e ten recuperado figuras esquecidas como as de Benigno Álvarez ou João da Nova.

O proxecto. O seu último libro repasa a vida do cura rexionalista Manuel Vidal.